



Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio

Expediente: 3677/2026

**BORRADOR CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN
NOMINATIVA DO CONCELLO DA ESTRADA Á ASOCIACIÓN DE
COMERCIANTES DE A ESTRADA (ACOE)**

NESTE ACTO REÚNENSE

Dunha parte, a Alcaldesa accidental do Excmo. Concello da Estrada, Dña. Amalia Goldar Cora con DNI ***7201**, en representación do mesmo, con facultades suficientes para este acto;

Doutra, O Presidente da Asociación de Comerciantes de A Estrada, NIF G36 310 076 (en adiante ACOE), D. Alfredo González Otero con DNI ***2494**

EXPOÑEN

Que o Concello da Estrada, a través da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio e ACOE, como un dos principais axentes do impulso do comercio estradense, estiman oportuno fixar unha serie de obxectivos comúns en materia de promoción económica e comercial.

Que para garantir a eficacia da cooperación nese ámbito, a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio e ACOE, entenden necesario establecer instrumentos formais, como é o caso do presente convenio.

Pois iso e coa capacidade legal de cada unha das partes recollida na normativa vixente;

OUTORGAN

O presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes **CLÁUSULAS**:

1ª CLÁUSULA:

O obxecto deste convenio é formalizar e articular a colaboración entre o Concello da Estrada, a través da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Comercio e ACOE, nas áreas da promoción económica e comercial no termo municipal.

2ª CLÁUSULA:

As actuacións desenvoltas por parte de ACOE son consistentes en:

a) Campaña de Nadal (Reis 2026)



- b) Día do pai
- c) Escaparate estrela
- d) Día da nai
- e) Xerencia

3ª CLÁUSULA:

A Asociación de Comerciantes da Estrada prestará a colaboración que o Concello da Estrada lle solicite con motivo das actividades de promoción económica e comercial que este organice, e fará mención expresa da axuda municipal concedida en cantos documentos ou carteis informativos confeccione en relación coas actividades sinaladas na cláusula segunda.

4ª CLÁUSULA:

Non sendo posible para o cumprimento dos fins deste convenio a convocatoria pública, o Concello da Estrada, concederá a ACOE unha subvención nominativa por importe de 40.000 euros con cargo ao crédito da aplicación 2026 / 0 / 433 / 489/ 00 do orzamento en vigor.

5ª CLÁUSULA:

Esta subvención nominativa é compatible con calquera outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

6ª CLÁUSULA:

A referida subvención concederáse co carácter postpagable.

O pagamento da subvención que se instrumentaliza a través do presente Convenio se realizará unha vez os beneficiarios da subvencións xustifiquen destino dos fondos percibidos e que estes foron adicados á finalidade para a que lle foi concedida a subvención.

O prazo límite para proceder a xustificación da axuda concedida será o 31 de outubro de 2026

O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario, e terá lugar antes do 31 de decembro de 2026.

7ª CLÁUSULA:

A Asociación de Comerciantes da Estrada queda suxeita á obriga de xustificar a subvención nos termos e condicións establecidos no apartado IX da base 55ª de execución orzamentaria. Coas consecuencias, para o caso de que non o fixera previstas nos parágrafos X e seguintes.

En todo caso, deberá presentar antes de proceder ao cobramento da mesma, a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva e cuantificada das actividades desenvolvidas, segundo o modelo oficial, onde se relacionarán as facturas correspondentes aos gastos realizados e a procedencia dos ingresos obtidos.
- Declaración xurada de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida.
- Declaración da non percepción (ou percepción, se é o caso, e detallando importes), doutras subvencións ou axudas públicas para a realización das actividades subvencionadas.
- Facturas orixinais do gasto realizado, ou fotocopias debidamente cotexadas, xunto aos comprobantes bancarios das transferencias respectivas.



8ª CLÁUSULA:

Os asinantes deste convenio comprométense a cumprir con todo o estipulado no mesmo e a resolver as posibles discrepancias no seo dunha comisión de seguimento (de composición parietaria) que se constituiría a demanda de calquera das partes.

O presente convenio terá vixencia durante o ano 2026.

Así conveñen e outorgan e tras a correspondente lectura, en proba de conformidade, asinan os representantes das partes telemáticamente dacordo ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A alcaldesa accidental,

O presidente

Amalia Goldar Cora

Alfredo González Otero

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

